



# ADMISIÓN 2015/2016

## INFORMACIÓN XERAL DO PROCESO

### Abeiro normativo:

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, ECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Proxecto didáctico do centro:** consultar na Xefatura

**Vacantes:**

ETAPA / CURSO	VACANTES
1º ESO	6
2º ESO	10
3º ESO	8
4º ESO	13
1º BAC CIENCIAS E TECNOLOXÍA	25
2º BAC CIENCIAS E TECNOLOXÍA	14
1º BAC HUMANIDADES E CC.S.	19
2º BAC HUMANIDADES E CC.S.	10
1º BAC ARTES PLÁSTICAS	51
2º BAC ARTES PLÁSTICAS	6

**Prazo de presentación de solicitudes:** do 1 ao 23 de marzo ás 14:horas

**Onde presentar a solicitude?** Na Secretaría do centro onde se desexe matricular o alumno en primeira opción xunto co **DNI ORIXINAL E FOTOCOPIA DESTE**.

**Onde conseguir as solicitudes de admisión (Anexo II)?**

- Sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es> Cód. Procedemento ED550B
- Guía de procedementos e servizos da [www.xunta.es](http://www.xunta.es)
- Na páxina web da Consellería de Educación e O.U. [www.edu.xunta.es/web/node/14293](http://www.edu.xunta.es/web/node/14293)
- En calquera centro educativo público poderase obter a solicitude de forma gratuíta





**Horario de atención ao público da Secretaría:** Luns a venres: 09:00 a 14:00

Martes: 17:00 a 18:30

## **IMPORTANTE! Situacións do alumnado e como proceder:**

1. O alumnado **só poderá presentar unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A presentación de dúas solicitudes implicaría a nulidade de calquera delas. A omisión desta instrución implicaría unha infracción polo que o alumno perdería os dereitos de prioridade que lle poderían corresponder.
2. O alumnado que teña garantía de permanencia (que estea matriculado no presente curso académico 2014/2015 noutro centro) e presenta solicitude de admisión neste centro **deberá comunicalo ao centro de orixe.**
3. O alumnado con reserva de praza noutro centro e presenta solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva de praza antes do 1 de marzo de 2015.

### **Presentación de alegacións no caso de que a demanda supere a oferta:**

Prazo: 26 de marzo ao 9 de abril ás 14 horas.

### **Alumnado admitido e non admitido (provisionais):**

Publicación de listaxes: 15 de abril

Lugar: taboleiro de anuncios e na páxina web [www.edu.xunta.es/centros/iesdesar](http://www.edu.xunta.es/centros/iesdesar)

Prazo de reclamacións: 5 días hábiles (ata o 21 de abril ás 14 horas), perante o Consello Escolar

### **Alumnado admitido e non admitido (definitivas):**

Publicación de listaxes: 8 de maio

Lugar: taboleiro de anuncios e na páxina web [www.edu.xunta.es/centros/iesdesar](http://www.edu.xunta.es/centros/iesdesar)

Interposición de recurso: un mes a contar dende o día seguinte á publicación (ata o 8 de xuño) ante o xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

### **Prazo de formalización de matrícula**

Período ordinario: do 25 de xuño ao 10 de xullo de 2015

Período extraordinario: do 1 ao 10 de setembro de 2015

### **Centros adscritos**

CEIP Ramón Cabanillas

CEIP Apostolo Santiago

CEIP Mestre Rodríguez Xixirei

CPR Vilas Alborada





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de Sar

R/ Bernardo Barreiro de V.V. s/n.

15702 Santiago de Compostela A Coruña

☎ 981 563 321 📠 981 576 083

galicia

**Servizos educativos complementarios:**

Transporte escolar: listaxe de paradas ver anexos

**Abeiro normativo:**

- Decreto 203/1986 regulador do transporte escolar
- Instrución 3/2014 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar

**Área de influencia do centro: ver anexos**

**Para o bacharelato de artes plásticas a área de influencia do IES de Sar abranguería todos os concellos que conforman a bisbarra de Santiago de Compostela**

